

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG12I0L6	CON/9/2018	13-04-18 13:01

Número 22 .- Servizo de organización da celebración da "Festa dos Maires 2018"

Destinatario

15078DCMG12I0L6Q



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 13 de abril de 2018, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

22 .- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE SERVIZO DE ORGANIZACIÓN DA CELEBRACIÓN DA "FESTA DOS MAIORES 2018"; GASTO E APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta da alcaldía, de data 11.abril.2018, que é do seguinte teor literal:

"Martíño Noriega Sánchez, Alcalde, consonte ós termos establecidos no artigo 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e en virtude das competencias propias desta Alcaldía,

EXPÓN:

1. Con data 6 de abril de 2018, o responsable do departamento municipal de protocolo emitiu o preceptivo informe xustificativo da concorrencia da necesidade e idoneidade da contratación do servizo de organización da celebración da "Festa dos Maires 2018".
2. Con data 10 de abril seguinte, esta Alcaldía formulou proposta de inicio do expediente de contratación por procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria.
3. Coa mesma data, a concelleira delegada de economía, facenda e administración resolveu iniciar o expediente proposto, ó que se deberían incorporar os pregos de cláusulas administrativas

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1210L6	<i>Expediente</i> CON/9/2018	<i>Fecha</i> 13-04-18 13:01

particulares e de prescricións técnicas que deban rexer o contrato, así como o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa, sinalando así mesmo que, unha vez completado o expediente, remitirase este ao órgano de contratación para a súa aprobación e a apertura do procedemento de adxudicación.

4. Finalmente, o día 11 de abril, incorpórase ao expediente o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, que acompaña un informe do departamento de contratación, da mesma data, que conta coa conformidade da asesoría xurídica municipal, que conclúe que "o expediente de contratación, de tramitación ordinaria, ven referido á totalidade do obxecto do contrato e incorpora os documentos ós que se refire o artigo 116 da LCSP polo que unha vez fiscalizado pola Intervención municipal dítarase acordo pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobando o mesmo e dispoñendo o inicio do procedemento de contratación".


Polo tanto, e considerando a regulación que para o procedemento administrativo se recolle con carácter xeral nos artigos 163 a 185 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como os artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e as argumentacións recollidas no anteriormente mencionado informe do departamento de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Que, unha vez completado co certificado de existencia de crédito, acorde a aprobación do expediente denominado **Servizo de organización da celebración da "Festa dos Maires 2018"**, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento **aberto simplificado**.

O prezo máximo previsto para cada xantar ascenderá a **20,07 euros** sen IVE. As empresas licitadoras realizarán ofertas á baixa sobre este prezo unitario.

IVE: 2,08 euros. Tipo: 10% do orzamento base anterior.



CONCELLO DE
SANTIAGO

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG12I0L6	<i>Expediente</i> CON/9/2018	<i>Fecha</i> 13-04-18 13:01

Sello o Certificación Mecánica

O gasto máximo previsto para este contrato ascende á cantidade de 34.119 euros máis IVE (10%: 3.417 euros), que resulta de aplicar o prezo unitario previsto ó número máximo de xantares (1.700).

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigacións económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria 010 91201 22601."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes aprobar o expediente denominado Servizo de organización da celebración da "Festa dos Maiores 2018", así como aprobar o gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado.

O prezo máximo previsto para cada xantar ascende a 20,07 euros sen IVE. As empresas licitadoras realizarán ofertas á baixa sobre este prezo unitario.

IVE: 2,08 euros. Tipo: 10% do orzamento base anterior.

O gasto máximo previsto para este contrato ascende á cantidade de 34.119 euros máis IVE (10%: 3.417 euros), que resulta de aplicar o prezo unitario previsto ao número máximo de xantares (1.700).

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigacións económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria 010 91201 22601.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

